

XXIII

PREMI  AFUNDACIÓN
DE XORNALISMO

Francisco Fernández del Riego

Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 1913 – Vigo, 2010) foi unha das figuras máis queridas e significativas da cultura galega do noso tempo. Ensaísta, narrador, editor e xornalista, pertenceu á promoción de intelectuais que xurdiron ao abeiro do Grupo Nós e o Seminario de Estudos Galegos. A súa extensa produción foi un servizo permanente a Galicia, comprometido cos seus procesos de modernización e reconstrución da súa identidade cultural e política.

Foi membro do Partido Galeguista e das Mocidades Galeguistas, animador dos programas en lingua galega na BBC, cofundador da Editorial Galaxia e codirector da revista *Grial*. Colaborou en moi diversas publicacións periódicas, dentro e fóra de Galicia, e ata finais de 2009 foi director da Biblioteca da Fundación Penzol. Doou a súa obra e o seu patrimonio intelectual á cidade de Vigo, onde residiu desde o ano 1940.

O Premio Afundación de Xornalismo Francisco Fernández del Riego naceu coa vocación decidida de animar e impulsar o uso do idioma galego nos medios de comunicación, ao tempo que recoñece a tradición literaria e xornalística das e dos profesionais da escrita que utilizaron e utilizan a nosa lingua na prensa.

BASES

1. O XXIII Premio Afundación de Xornalismo Francisco Fernández del Riego acollerá unicamente artigos propios do chamado xornalismo literario e de opinión, firmados ou con pseudónimo, cunha extensión máxima de 1500 palabras, publicados en lingua galega, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.
2. Poderán participar todos os autores e autoras maiores de idade que cumpran con todos os requisitos sinalados nestas bases e que non fosen premiados/as en concursos ou certames de Afundación nos cinco anos anteriores ao ano no que se concede o premio.
3. As candidaturas poderán ser presentadas polos/as propios/as autores/as interesados/as, por outras persoas ou por institucións de renome.
4. Os artigos non poden ter sido premiados en ningún outro concurso ou certame antes da data da resolución polo xurado do presente premio.
5. Poderán presentarse traballos publicados en medios de comunicación escritos, impresos ou dixitais, tales como xornais ou revistas, de consolidada traxectoria. Non se admitirán textos publicados en soportes impresos ou dixitais autoeditados nin de produción individual, tales coma blogs ou bitácoras, nin tampouco publicados en medios institucionais, independentemente do seu carácter público ou privado.
6. As propostas deberán presentarse en formato electrónico (PDF) da páxina completa do xornal ou revista onde o artigo fose publicado, encamiñando tamén o artigo en versión documento de Word.
7. Soamente se poderá concorrer cun traballo por persoa, que deberá presentarse cumprimentando o formulario deseñado por Afundación a tal efecto, que estará accesible nesta [ligazón](#) e na páxina [web de Afundación](#). O prazo de recepción dos traballos rematará o día 31 de maio 2026.

Valoraranse os artigos conforme a criterios de calidade e creatividade, que promovan valores cívicos e éticos, co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento de sociedades máis informadas, críticas e responsables.

VEREDICTO

Para a asignación do XXIII Premio Afundación de Xornalismo Francisco Fernández del Riego designarase un xurado, que estará constituído por persoas de recoñecido prestixio nos ámbitos xornalístico, literario ou académico. O xurado cualificador disporá de potestade para resolver cantas cuestións merezan ser consideradas na interpretación das presentes bases. A súa decisión será inapelable. O premio será indivisible. No caso de empate, será dirimente o voto do/da presidente/a do xurado.

O xurado seleccionará tres dos artigos presentados que serán os que pasen a ser finalistas do premio. Dentro dos seis meses seguintes, emitirá o seu veredicto definitivo que se dará a coñecer nun acto público de entrega do galardón.

PREMIO

O premio terá unha retribución de 10 000 (dez mil) euros, á que se lle aplicará a retención fiscal correspondente, e un diploma acreditativo do XXIII Premio Afundación de Xornalismo Francisco Fernández del Riego.

As dúas persoas que resulten finalistas desta edición recibirán unha remuneración de 2000 (dous mil) euros, aos que se lles aplicará a retención fiscal correspondente, e un diploma acreditativo do XXIII Premio Afundación de Xornalismo Francisco Fernández del Riego.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Afundación non manterá correspondencia coas persoas concursantes e/ou propoñentes e inmediatamente despois de dar a coñecer o veredicto do xurado, procederá á destrución dos orixinais presentados.

Afundación resérvase o dereito de reprodución do traballo premiado, así como de calquera outro que, presentado ao certame, mereza esa consideración en opinión do xurado.

A presentación ao certame implica a aceptación das presentes bases.

De acordo ao RDL1/1996, de 12 de abril, relativo á Propiedade Intelectual, recoñecerase a autoría das obras. O autor ou autora da obra premiada cede a Afundación os seus dereitos de distribución, reprodución e difusión —en particular a través das webs, redes e perfís sociais da entidade— comprometéndose a subscribir os correspondentes documentos.

PROTECCIÓN DE DATOS E PRIVACIDADE

Afundación, como Responsable do Tratamento, informa que os datos persoais facilitados serán utilizados exclusivamente para os trámites necesarios para a convocatoria e posterior desenvolvemento deste premio, e de acordo ás seguintes finalidades

Finalidades: (i) Convocatoria e posterior xestión do premio; (ii) Verificación das candidaturas; (iii) Comunicación da condición de gañador; (iv) Entrega do Premio e (v) Cumprimento das obrigas legais e/ou fiscais que lle poidan corresponder a Afundación como organizadora.

Lexitimación: Conformarán as bases legais dos tratamentos: (i) Execución dun contrato: Operará para a xestión e tramitación da relación establecida entre os/as participantes e Afundación, de acordo ao contido das Bases. (ii) Consentimento: Operará para a difusión da imaxe dos/as gañadores/as e (iii) Cumprimento dunha obriga legal: A comunicación á autoridade tributaria das cantidades obtidas en concepto de premio.

Conservación: Os datos persoais dos/as Participantes conservaranse só no caso de resultar gañadores/as. Afundación conservará os seus datos durante a vixencia da relación establecida para a execución do Premio.

Destinatarios/as: Non se comunicarán os datos persoais a ningunha terceira persoa, salvo o cumprimento das obrigas legais e a correcta execución do Premio. En virtude do anterior, poderán realizarse comunicacións aos organismos e administracións públicas competentes.

Dereitos: Recoñécense os dereitos de acceso, rectificación, supresión e limitación do tratamento, así como o de portabilidade, que poderá exercer, en todo caso achegando copia do documento acreditativo da súa identidade e especificando o dereito ou dereitos que desexa exercer, mediante comunicación por algunha das dúas vías seguintes: (i) Por correo electrónico ao enderezo rgpd@afundacion.org ou por carta ao enderezo San Andrés 135-137, 2º, 15003 da Coruña.